bngcomarcal
BOLETÍN INFORMATIVO SEMANAL DA COMARCA DE PONTEVEDRA
Nº120. 2 de xaneiro de 2017

Dous modelos forestais, dous modelos de Galiza



Por un monte galego vivo.

Non á eucaliptización de Galiza.

PONTEVEDRA:
Un monte galego vivo 2-4

PONTEVEDRA:
A Tomba, un parque forestal periurbano 4-5

NACIONAL:
Obxectivos para o novo curso político 6-7

PARLAMENTO:
Enmendas comarcaia aos orzamentos da Xunta 8

PONTEVEDRA:
Novo contrato da auga 9

DEPUTACIÓN:
Balance do Museo en 2016 10

GALIZA NOVA:
Racha cos estereotipos sexistas 11

GALIZA NOVA:
Rebaixas si, pero non de dereitos 12

SOUTOMAIOR:
Ningunha familia sen subministro eléctrico 13

PONTE CALDELAS:
O caso do CIM 14-15

CONTRACAPA:
Cantos na Maré

Un monte galego vivo: O exemplo de Pontevedra

Diciamos no programa das eleccións municipais de 1999 que

> ***"os montes teñen basicamente estes valores: deben de cumprir con importantes funcións ecolóxicas, así como outras de índole social, como espazo de recreo e esparexemento, educativas, e, así mesmo, son intrinsecamente importantes no valor da paisaxe.***
>
> ***Xa que logo será obxectivo dunha axeitada política dirixida á ordenación dos recursos forestais a harmonización das tres funcións principais do monte, (produtiva, ecolóxica e social), de xeito que a maximización dos intereses produtivos non vaia en detrimento da conservación dos ecosistemas, da riqueza biolóxica e da sua utilidade como espazos de desfrute social."***

Dende aquela até hoxe, fomos dando pasos de grande calado e importancia para executarmos unha política forestal merecente de tal nome dentro da acción do goberno.

Houbo fitos de grande importancia todos estes anos como contarmos coa participación de todas as comunidades de montes (CMVMC) nos Consellos Parroquiais ou a sinatura do protocolo de colaboración coa Mancomunidade de Pontevedra que guía as nosas relacións con esta institución nos investimentos, a formación, o ordenamento do monte, etc.

Por suposto, todos e todas lembramos o Plan Monte Vivo que permitiu recuperar amplas zonas de frondosas autóctonas e termos o noso monte en mellores condicións. A formulación inicial de que é preciso apoiar á propiedade do monte ao longo do tempo demostrouse tan acertada que no orzamento municipal do 2017 as federacións veciñais e as comunidades de montes solicitaron a continuidade deste plan que rematara no ano 2016.

Máis non só as patas produtiva e ecolóxica se traballaron estes anos, senón tamén a social con exemplos tan importantes como a ruta de Salcedo no Tempo, o parque do Pontillón do Castro ou a colaboración coa CMVMC de Lérez para gozarmos da Illa do Covo.

Os retos do futuro

Coñecemos o camiño que temos que seguir, mais non está todo desbrozado e, ademais, queda aínda moito por andar.

En primeiro lugar, hai que darlle continuidade ao Monte Vivo e contribuír ao mantemento das plantacións que se fixeron no seu momento.

De non menor importancia é a colaboración coa CMVMC da Canicouva para instalar a planta de composta en terreos desa parroquia nos que, por outra parte, a Universidade de Vigo vai investigar a situación e a evolución do solo forestal a longo prazo de xeito pioneiro na Galiza.

Tamén se está a pór en marcha a rede Sendas de Pontevedra, definida nos plans de parroquia elaborados democraticamente para converter o monte do Concello nun recurso de primeira orde: temos xa 70 quilómetros de sendeiros e agárdase chegar até 200.

Por fin, o proxecto estrela, a rede de parques forestais que vai sumar ao do Pontillón os da Fracha e mais o da Tomba, bos exemplos de monte produtivo con aproveitamento social que xorden da colaboración entre o goberno (municipal) e a propiedade (comunal): un investimento por riba dos 500.000€ nunha primeira fase para traballos forestais, silvicultura, preparación de camiños, zonas de lecer . . .

A Tomba, un parque forestal periurbano

O alcalde de Pontevedra, Miguel Fernández Lores e o presidente da Comunidade de Montes de Campañó, José María Domínguez Vidal, asinaron o protocolo de colaboración que marca o inicio do recorrido para crear o parque forestal periurbano de A Tomba.

Nunha primeira fase -feita a tramitación administrativa- procederase a limpeza e eliminación de especies invasoras e a preparación das pistas e sendas. A segunda fase será a de plantación.

O alcalde subliñou que estamos diante dun proxecto "profundamente democrático" porque conta coa aprobación da comunidade de montes que terá que facer a cesión dos terreos comunitarios e máis "de todo o movemento asociativo de Campañó".

A posta en valor e o aproveitamento do monte, o uso social deste espazo natural, a prevención dos lumes forestais, o coidado do medio ambiente e a aposta polo monte tradicional e a biodiversidade son aspectos vencellados ao proxecto de parque forestal periurbano do monte de A Tomba ou Montecelo).

"Nós poñemos A Tomba ao servizo dos veciños e veciñas para que podan gozar do monte" dixo o presidente dos comuneiros sen esquecer que o parque forestal non deixará de lado o aproveitamento produtivo, senón que o potenciará. Así está prevista unha plantación experimental de 3,1 hectáreas de oliveiras (5.849 pés), dentro do que vai ser o maior souto de toda a provincia de Pontevedra.

O Concello investirá 440.000 euros

O futuro parque forestal da Tomba ocupará 62 hectáreas e contará con 17 quilómetros de sendas, delas 1,1 km poderán ser transitadas por coches e 15,9 serán para peóns e de convivencia con ciclistas de paseo.

Ademais a parte alta contará cun miradoiro sobre Pontevedra e a súa ría.

A pouco máis de catro quilómetros da Peregrina, este parque vai contar con 22 hectáreas de souto, 20 ha. de frondosas, 3 ha. de oliveiras e 15 hectáreas de bosque mixto.

A Tomba pretende ser "un exemplo de monte galego sustentábel" explica, pola súa banda, o concelleiro coordinador do Rural, Demetrio Gómez. "Dende un punto de vista económico porque será un monte produtivo, social xa que será para uso e goce das persoas que se acheguen e ecolóxico pois se eliminarán e combaterán as especies invasoras alóctonas e apostarase pola biodiversidade".



O proxecto do parque forestal de A Tomba ten en conta os distintos aspecto do monte: o económico, o social e o ecolóxico

Ana Pontón insta a fortalecer o músculo do BNG para darlle esperanza á maioría social do país

A portavoz nacional, Ana Pontón, reivindicou a vixencia do legado de Castelao no acto de homenaxe que cada 7 de xaneiro celebra o BNG en Rianxo para conmemorar a figura deste referente do nacionalismo, proxecto político imprescindible para Galiza.

"Lembramos a Castelao porque sentímonos herdeiras e herdeiros dun pensamento e dunha tradición política máis necesaria que nunca, porque estamos vivindo tempos convulsos e confusos e, se algunha nación sen Estado precisa dun forte movemento nacionalista, esa é Galiza", salientou Ana Pontón. Nese sentido, - e de cara á celebración da XVI Asemblea nacional en marzo-, instou "a fortalecer o músculo e a capacidade de actuación do BNG como alternativa de futuro para darlle esperanza á maioría social do país e contribuír a desmontar un sistema inxusto e desigual".

A Portavoz Nacional do BNG destacou que o Bloque ten "un modelo real de cambio" como demostra nos concellos nos que goberna, "exemplos de bo facer, de alternativa para o benestar das persoas fronte a un réxime que está esgotado e é incapaz de garantir emprego digno e calidade de vida". É o momento, dixo, "de rescatar Galiza, de rescatar aos galegos e as galegas fronte aos que nos queren conducir á irrelevancia, impoñendo un modelo que nos conduce a ser cada vez menos e cada vez máis vellos".

Por iso, interpela aos que "están fartos e fartas de sentirse indignadas e estafadas": "É o momento do compromiso e do activismo, o momento de tomar as rendas confiando nas nosas propias forzas, no que somos e no que podemos ser", porque 2017 trae "retos importantes que requiren de toda a nosa intelixencia, unidade e activismo social" para sacar adiante un país en mans "dun goberno vello e sen ideas, un goberno que confunde ter maioría con ter a razón e cun Feijóo servil a Madrid e cómplice dos incumprimentos con Galiza".

A portavoz nacional fixo referencia ás prioridades políticas que centrarán o traballo do BNG nun ano no que celebra unha asemblea "clave", que pechará un longo proceso de "posta a punto" do proxecto nacionalista.

Obxectivos políticos

Prioritario, a defensa do status político de **Galiza como nación** nun momento en que está a debate o actual modelo territorial e institucional, -esgotado-, e contrarrestar a un Feijóo "campión da recentralización" devolvendo competencias e rebaixando o xa raquítico status político que tiñamos.

O BNG inicia o curso político coa presentación das súa prioridades de traballo que a portavoz nacional, Ana Pontón, concretou en tres grandes urxencias: **blindar os servizos públicos e sociais**, a **creación de emprego** e a **loita contra a violencia machista**.

Os medios para conseguilos

Ao lado destes tres obxectivos, a dirixente nacionalista explicou os medios para conseguilos. Un **concerto económico galego** que se traduza nun novo sistema de financiamento, "no que o Estado deixe de facer caixa con Galiza, porque a diferenza entre o que recada e despois inviste aquí ten un déficit de 3.000 millóns de euros anuais".

O actual modelo fíxonos perder máis de 9.000 millóns de euros, subliñou Pontón, "mentres Feijóo preferiu primar os interese do PP aos intereses de país".

Por contra, "un concerto económico galego blindaría os recursos para política social e servizos públicos porque evitariamos ser vítimas das arbitrariedades e das chantaxes do Estado, como impoñer subidas no gasto militar ou que cada galega e galego teñan que pagar 50 € para rescatar as radiais madrileñas, mentres seguen os recortes e a estafa das peaxes", alegou Pontón. Neste sentido, imos iniciar unha campaña social entre axentes e colectivos de todo tipo para explicar a proposta de concerto económico, "claramente beneficiosa para Galiza".

En relación á creación de emprego como prioridade, a proposta nacionalista pasa por ir a un modelo económico que teña como **aposta estratéxica a I+D+i** "para fortalecer os sectores básicos" e, ao mesmo tempo, "posicionar Galiza en novos nichos de emprego". Por iso, o Bloque propón duplicar o investimento en innovación e desenvolvemento en sectores como biotecnoloxía, robótica e tecnoloxías de transformación alimentaria.

"Non podemos seguir perdendo trens e Feijóo colócanos no vagón de cola da innovación con cifras moi por debaixo da media estatal", o que fixo que Galiza perdese 973 empresas con actividades innovadoras desde a súa chegada á Xunta.

En relación á terceira prioridade política do BNG para o novo curso político, Pontón dixo claro que "2017 ten que ser o ano en que a loita contra o terrorismo de xénero se asuma como un problema de Estado, e todas as forzas políticas, asociacións feministas e axentes sociais poñamos en marcha un **Pacto galego contra a violencia machista**".

Como medida de aplicación inmediata, a proposta do Bloque é dar un salto cualitativo en canto a recursos, pasando dos 5 millóns de euros actuais a consignar 95 millóns nos orzamentos deste ano durante a tramitación parlamentaria.

Ademais, o BNG proporá no primeiro pleno medidas concretas como a implantación de xulgados específicos en todas as cidades e mellorar o mecanismo de avaliación de riscos de sufrir violencia de xénero, xa que o actual, en forma de test, non funciona, como demostra que a metade dos casos foron desestimados ao non detectar unha situación de risco.

Igualmente, hai que facer unha avaliación da Lei galega contra a violencia machista tras dez anos da súa aprobación, incluír o termo feminicidio, aprobar o estatuto da vítima e abrir todos os medios e programas de axudas a todas as mulleres que sufran violencia.

O novo contrato da auga incluirá melloras por 30 millóns de euros e permitirá completar o saneamento en todo o rural

O Concello traballa intensamente na nova concesión do contrato da auga e saneamento municipal, segundo explicou o concelleiro responsábel do servizo, Raimundo González Carballo. Nestes momentos os departamentos municipais traballan no proxecto de explotación do servizo e nos pregos técnicos e administrativos que rexerán o futuro contrato. O actual será preciso prorrogalo tal e como se recolle no documento de denuncia do contrato.

Mentres se concretan todos os datos de licitación, xa se coñece que o contrato vai a incluír melloras por valor duns 30 millóns de euros, ademais das melloras do prezo que presenten os licitadores.

Neste momento, o Concello está a realizar memorias valoradas de obras para incorporar eses 30 millóns. Nestas memorias está previsto completar todo o saneamento do rural; completar toda a rede separativa da cidade (pluviais e fecais), e dotar de auga todo o cinturón periurbano da cidade.

Con estas melloras quedaría cumplimentado todo o saneamento do rural, que se poderían licitar nos tres ou catro primeiros anos de vixencia do novo contrato.

O portavoz do Goberno e responsábel do Ciclo da auga, Raimundo González asegurou que todas as melloras que se incluirán no contrato non revertirán no prezo que pagan os veciños e veciñas de Pontevedra.

As exposicións sobre Castelao e a reapertura das ruínas de San Domingos incrementan un 30% as visitas ao Museo de Pontevedra

O Museo de Pontevedra contabilizou no ano 2016 o mellor dato en canto a afluencia de visitantes dos últimos anos, rematando o exercicio cun total de 107.478 visitas. Se ben é certo que o maior número de visitantes está directamente ligado á reapertura das Ruínas de San Domingos, tamén é salientable que as exposicións temporais do Sexto Edificio experimentaron un incremento do 45,7% con respecto ao 2015. En total foron 48.123 as persoas que visitaron as mostras temporais, cuxo eixo fundamental foron as dúas grandes exposicións programadas para conmemorar o Ano Castelao: 'Castelao Artista' e 'Meu Pontevedra', que centraron a programación entre o 1 de abril e o 11 de setembro.

"Á vista destes datos, estamos traballando na boa dirección para converter a este Museo nunha referencia a nivel galego e internacional" asegurou Xosé Leal tras coñecer o balance. O deputado nacionalista engadiu a este respecto que "procuraremos nun ano tan importante como é o 2017, o Ano do Patrimonio, visualizar que este Museo alberga unha das coleccións máis completas e valiosas para comprender a cultura galega a través de toda a súa historia, desde a arte castrexa ata os tempos actuais".

En canto á asistencia a actividades complementarias das exposicións e actos propios do Museo o número de persoas asistentes ascendeu a 15.888, o que supuxo un incremento do 14,8% con respecto ao 2015. Resultaron especialmente exitosas as actividades programadas en relación a Castelao para público infantil, como foi a presentación da guía de Os Bolechas, a representación en versión monicreques de 'Os vellos non deben de namorarse' a cargo de Fantoches Baj, e a celebración da Noite dos Museos a cargo da Escola Superior de Arte Dramática.

Carlos Valle, como director técnico da institución, congratúlase "ante todo polo que se fixo durante o exercicio" e cita expresamente a reapertura da Sala de Investigación e das Ruínas de San Domingos así como a programación de exposicións temporais, e "en segundo lugar, pola destacada repercusión que iso tivo na cidadanía, con este incremento tan significativo, en comparación co ano anterior, do número total de visitantes". Carlos Valle remarca a súa valoración engadindo que este 2016 "foi coroado, ademais, pola concesión ao Museo dunha distinción particularmente valiosa no noso ámbito territorial de referencia como é o Premio da Cultura Galega no apartado de Patrimonio Cultural".

Ademais das actividades propias, o Museo tamén cedeu o uso dos seus espazos, fundamentalmente o Auditorio e o espazo acristalado da planta baixa, a entidades, particulares e asociacións da cidade e da provincia. No seu papel de ofrecer un marco de encontro, formación, promoción e dinamización da cultura, entendida esta na amplitude de disciplinas artísticas que a conforman, o Museo acolleu un total de 70 actividades promovidas por entidades externas.

Racha cos estereotipos sexistas !

No xogo: nin machismo nin LGTBIfobia

A Asemblea de Mulleres de Galiza Nova, organización xuvenil do BNG, realizou este xoves un reparto nas rúas Benito Corbal e Daniel de la Sota para chamar a atención sobre a compra de xoguetes que favorecen os estereotipos. No material que distribuíron insisten en que "os xoguetes e xogos teñen un papel moi importante na estimulación da reprodución de roles e comportamentos, así como tamén inflúen na maneira de relacionarse". Por iso, nunha época na que crece a compra de xoguetes por mor do Nadal, queren facer ver que é necesario reflexionar antes de comprar un xoguete para unha crianza.



Uxía Couto, responsábel comarcal da Asemblea de Mulleres, indicou que "os xoguetes non teñen xénero porque nin o rosa é só para nenas, nin o azul é só para nenos; nin os xoguetes de aventuras son exclusivos para nenos, nin os de coidados e traballo doméstico exclusivos para nenas, por moito que na publicidade nos queiran impoñer esa dualidade machista e binarista". Por iso, dende a organización feminista "condenan que se promova sexismo en forma de agasallo e que se fomenten roles de xénero".

Dende a Asemblea de Mulleres indican que estas campañas son necesarias porque "aínda seguen a castigarse condutas que saian do estipulado, a través da plumofobia ou a homofobia". Por iso queren facer unha labor de concienciación para que "nin nestas datas nin no resto do ano se agasalle sexismo".

CAMPAÑA DE GN PARA DENUNCIAR A PRECARIEDADE LABORAL LIGADA ÁS REBAIXAS

Rebaixas si, pero non de dereitos

As mozas e mozos de Galiza Nova levaron a cabo unha acción de denuncia na tarde deste sábado na cidade de Pontevedra, coincidindo co inicio do período de rebaixas. Na rúa Benito Corbal, repartiron panfletos informativos e estenderon unha pancarta co lema "Non ás rebaixas laborais. Por un emprego digno e sen explotación" para denunciar a precariedade laboral ligada ás rebaixas de prezos nas tendas.

Dende Galiza Nova indican que neste tempo de rebaixas "non podemos continuar a tolerar como se rebaixan as condicións laborais da mocidade e do conxunto da clase traballadora". Sabela Bará, Responsábel Comarcal da organización xuvenil, engade que "no comercio e no sector téxtil esa realidade é moi evidente, xa que mentres os lucros das grandes empresas multinacionais non deixan de medrar, os nosos dereitos e salarios continúan minguando".

Esta acción enmárcase dentro da campaña que Galiza Nova está a levar a cabo para reclamar que os gobernos galego e español poñan fin á permanente perda de dereitos. Para iso, demandan as seguintes medidas:

- Aumento dos salarios.
- Derrogación das reformas laborais e da negociación colectiva.
- Eliminación das ETTs, limitación da contratación temporal e a tempo parcial.
- Redución da xornada laboral a 35h semanais e limitación das horas extra.
- Reactivación da negociación colectiva nun Marco Galego de Relacións Laborais.
- Nova regulación dos horarios comerciais que permita o descanso e a conciliación da vida laboral e persoal.
- Penalizar ás empresas que deslocalicen a súa produción a outros países con peores condicións laborais.

Dentro desta campaña, seguirán a realizar accións na rúa para concienciar á poboación así como mobilizándose contra a precariedade laboral, mais tamén afondarán na formación, realizando charlas informativas en centros de Formación Profesional.



O BNG quere que se lle garanta o subministro eléctrico ás familias

O BNG de Soutomaior introduciu no rexistro do concello unha iniciativa para “defender as familias fronte aos abusos das compañías electricas”. A moción foi presentada pola concelleira Olalla Obelleiro que sinalou que a pesar de que Galiza é a maior productora de electricidade do estado, os galegos e galegas temos que padecer un novo tipo de pobreza, a pobreza enerxética. Estamos a falar de familias que nen sequera poden prender a calefacción no inverno aos seus fillos por culpa duns recibos da luz con tarifas vergoñentas que se encarecen día tras día con absoluta impunidade.

Así mesmo, na moción que presentou o BNG sinálase que a taxa de pobreza enerxética se situou no pasado ano en Galiza en case o 20%. Estamos a falar de que unha de cada cinco familias de Soutomaior padecen pobreza enerxética. Non podemos tratar isto como algo normal nin limitarnos a tratar este problema dende os servizos sociais do concello xa que cando as persoas acoden a eles xa levan varios meses en situación de desesperación. Son situacións dramáticas que a xente vive en moitos casos en silencio. É paradoxal pero os nosos veciños, por moi pobres que sexan, posúen unha dignidade da que carecen os altos cargos dos Consellos de adminstración das electricas que serven como retiro de luxo para os altos cargos do PP e do PSOE, e por iso non lles resulta doado acudir aos servizos sociais; sinalaba a edil Olalla Obelleiro.

Así mesmo o voceiro do BNG Manu Lourenzo sinalou que vemos como as empresas eléctricas empregan os recursos das galegos e galegas para o seu beneficio. A electricidade sae dos nosos ríos e dos nosos montes e aínda así temos que ver como estas empresas que se enriquecen cos nosos recursos non só pagan os seus impostos en Madrid senón que cortan a luz unilateralmente aos nosos veciños á mínima.

Do mesmo xeito Manu Lourenzo sinalou que non é tolerable que mentres Galiza é excedentaria na produción de enerxía a nosa veciñanza nin sequera poida acender a calefacción no inverno. O concello non pode continuar de perfil ante esta situación nin a poñer aos servizos sociais ao servizo dos abusos das grandes compañías eléctricas. Isto non é unha cuestión de caridade senón de xustiza e por iso propoñemos que os gobernos rematen cos cortes de luz unilaterais ás familias e coas tarifas abusivas que provocan estas situacións.

O Caso do CIM de Ponte Caldelas

Ante o debate aberto sobre o servizo do CIM en Ponte Caldelas, o BNG quere manifestar que en ningún caso o se suspende o servizo senón que se cambia o modelo de atención que se viña prestando.

Por parte do BNG sempre se apoiou o traballo do CIM realizado no noso concello, de xeito que se se revisan as actas dos plenos onde se aprobaban os informes emitidos polo propio CIM, o noso voto sempre foi favorable, destacando a importancia do traballo que se fai.

Formando parte do equipo de goberno atopámonos con que o contrato de servizos que se tiña coas dúas traballadoras foi obxecto de numerosas prórrogas irregulares por parte do Partido Popular e a pesares dos informes técnicos emitidos en contra pola intervención e secretaría do concello. Prorrogábase o servizo sen sacar a concurso público, incumprindo polo tanto a Lei de Contratación. Estes informes negativos facían que todos os meses houbera que levantar o reparo para pagarlle as facturas que presentaban ás dúas traballadoras.

A última prórroga asinada polo anterior goberno do Partido Popular remataba o 31 de decembro de 2016.

A nosa intención era que como o ano pasado o CIM seguira funcionando nas mesmas condicións que ate o de agora.

Meses atrás notificóusenos por parte das traballadoras (avogada e psicóloga) que tiñan demandado ao concello para pasar a súa situación laboral de contrato mercantil como autónomas a persoal laboral fixo do concello. (consecuencia da situación irregular que se viña mantendo).

Isto supón que estamos agora mesmo nunha situación de indefensión pendentes dunha Resolución Xudicial que vai condicionar o funcionamento e o orzamento do concello para os anos vindeiros.

Ante esta situación, e para non actuar de maneira improvisada, o grupo de goberno decidimos non renovar nin sacar a concurso o servizo até que non se resolva a cuestión xudicial

Nós demos a cara diante das mulleres do noso concello, tanto na radio local como en medios de prensa escrita, reafirmando o compromiso que o BNG ten coa igualdade e a loita contra a violencia machista e asegurando que para o BNG, o primeiro e fundamental, era a atención das mulleres que viñan facendo uso do servizo e de todos aqueles casos novos que poidan xurdir. De feito xa está traballando a nova avogada e xa se puxo en contacto coas usuarias.

A nosa loita é garantir que os servizo do CIM poda funcionar non só o ano que ven senón no futuro. Para iso temos que actuar cos pés no chan. Ponte Caldelas é o único concello de menos de 10.000 habitantes que ten un CIM propio en exclusiva. Estamos ao nivel de Vigo, Pontevedra, Vilagarcía de Arousa, Lalín, A Estrada.... todos concellos con moitos máis habitantes que nós e polo tanto moitos máis recursos.

Todos os concellos da nosa contorna téñeno mancomunado, incluso concellos con mais poboación: Caldas de Reis con Barro e Portas; Soutomaior con Vilaboa e Pazos de Borbén; Cotobade con A Lama e Fornelos de Montes...

Entendemos que como BNG debemos aproveitar esta situación que nos ven dada, e que nós non creamos, para esixir da Secretaría Xeral da Igualdade que se comprometa a garantir un servizo tan importante en todos os concellos independentemente dos recursos e do tamaño dos mesmos.

Así mesmo esixir que se doten axeitadamente os CIMs de todo o país e non haxa tantas diferenzas entre concellos de xeito que todos eles teñan unha atención óptima e equilibrada.

Non se pode delegar un tema tan fundamental na administración local que funciona en gran parte grazas a subvencións externas.
Calquera cambio de criterio nas concesións das axudas e subvencións pode por en perigo o funcionamento da maioría dos CIMs actualmente existentes.

Antes de tomar calquera decisión, desde o grupo do BNG no concello de Ponte Caldelas, sempre puxemos como condición que se garantira a atención as mulleres que viñan facendo uso do Servizo do CIM.

Repetimos: O servizo non se elimina senón que cambia o sistema de atención.

Cantos na Maré

FESTIVAL INTERNACIONAL DA LUSOFONÍA

ENTRADAS
25€ / 28€ (zonas A e B)
20€ / 23€ (zonas C e D)
ÁVENDA EN TAQUILLA CON 902 504 500

14 DE XANEIRO DE 2017 ÁS 21H.
PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA
WWW.NORDESIA.COM

PAULO FLORES

MANECAS COSTA

KÁTYA TEIXEIRA

CELINA DA PIEDADE

GUADI GALEGO

+ ARTISTA CONVIDADO

DIRECCIÓN ARTÍSTICA: UXÍA

DIRECCIÓN MUSICAL: PAULO BORGES